



# Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE CERDIDO REUNIDA O DÍA VINTE E OITO DE XUÑO DE DOUS MIL TRECE

No salón de plenos do concello de Cerdido, ás doce horas da mañá do día vinte e oito de xuño de dous mil trece reúnen-se en primeira convocatoria os seguintes concelleiros que se citan a continuación: Juan José Ramos Prieto, Faustino Cebreiro Paz, José Esmorís Aldao, María José López Lamigueiro, Álvaro Rodríguez Graña, Cándido Eusebio Prieto Lago, Benigno Galego Castro e Jairo Orjales Sande, baixo a Presidencia de Dona Ana Rodríguez Montero como alcaldesa. Actúa de secretaria Paula Díaz Tie. De seguido pásanse a debater os asuntos da orde do día:

**1.- Aprobación se procede das actas dos plenos dos días vinte e nove de abril de 2013.** Os membros do Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade aprobaron a acta anterior.

**2. Proposta da alcaldía sobre a conta xeral 2012** .Despois da lectura da proposta da alcaldía que se copia deseguido : Unha vez tramitado o expediente da Conta Xeral de 2012, informada favorablemente pola Comisión Especial de Contas do día dezanove de abril de 2013 e rematado o prazo de exposición ó público iniciado coa publicación do anuncio no BOP do día 29.04.2013.**Primeiro.** Aprobar a Conta Xeral de 2012 que figura na documentación do expediente e que comprende o Balance, conta de resultado económico patrimonial, estado de liquidación presupostaria e memoria así como anexos da conta, as actas de arqueo das existencia en caixa e certificacións das entidades bancarias. Segundo. Remitir-lle un exemplar da Conta Xeral ó Consello de Contas de Galicia e o Tribunal de Cuentas del Estado . Os membros do Pleno, en votación ordinaria e por maioría aprobaron a proposta anterior. Seis votos a favor dos concelleiros Juan José Ramos Prieto, Faustino Cebreiro Paz, José Esmorís Aldao, María José López Lamigueiro, Jairo Orjales Sande, e o voto da alcaldesa e tres abstencións dos concelleiros Álvaro Rodríguez Graña, Cándido Eusebio Prieto Lago e Benigno Galego Castro .

**O Concelleiro Benigno Galego Castro** toma a a palabra para destacar a existencia de partidas presupostarias que nunca se gastan .

**A Alcaldesa** manifesta que algunhas deben quedar abertas con poucos cartos

**O Concelleiro Jairo Orjales Sande** pregunta que é mellor administrativamente falando ter abertas as partidas con pouco ou non telas ? Por parte da Secretaria aclárase que o mellor e ter bolsa de vinculación entres as aplicacións presupostarias .

**3. Dar conta dos Decretos da Alcaldía** . A secretaria deu lectura a seguinte relación :

Nº	Data	Descrición
<b>Abril 2013</b>		
88	22/04/2013	Licenza de obras nº 2013/U009/000008 para reparación de tellado en Porto, 18
89	23/04/2013	Listado gañadores/as do concurso de contos de Cerdido

90	23/04/2013	Acordo para levar a cabo as obras de mantemento da piscina municipal. Impermeabilización
91	24/04/2013	Autorización para a feira de 1900 e pechar ó tráfico unha vía municipal
92	25/04/2013	Acordo para alugar o terceiro piso das vivendas de Felgosas a Victor Manuel Piñón Gómez
93	25/04/2013	Autorización para usar un local da escola de Avispeira para festa de aniversario infantil a particular
94	26/04/2013	Licenza de obras nº 2013/U009/000009 para reposición de cuberta en Cabanas
95	26/04/2013	Licenza de obras nº 2013/U009/000006 de denegación de licenza de división de parcelas
96	26/04/2013	Autorización a grupo municipal PSdeG-PSOE para usar a casa da cultura
97	29/04/2013	Acordo de aceptación das bases da convocatoria de subvencións de servizos sociais da Deputación
98	28/02/2013	Licenza de obras nº 2013/U009/000005 de peche de parcelas en Rebordaos
99	29/04/2013	Aprobación de facturas do nº 103 ao nº 144
100	29/04/2013	Autorización para a celebración das festas de Santa Lucía
101	30/04/2013	Autorización a Promacer para usar a Casa da Cultura para xunta informativa
102	30/04/2013	Alta no padrón municipal de habitantes
<b>Maio 2013</b>		
103	03/05/2013	Autorización para usar un local do Castro a particular para xuntanza
104	03/05/2013	Autorización a Promacer para usar a Casa da Cultura para xunta informativa
105	06/05/2013	Acordo de devolución da fianza a José Manuel Piñeiro pola obra EDAR Vila da Igrexa
106	06/05/2013	Aceptación das bases do plan de financiamento dos servizos sociais comunitarios básicos
107	13/05/2013	Aprobación do convenio de colaboración coa empresa Xema Solucións Técnicas, S.C.
108	14/05/2013	Apertura de procedemento de adxudicación para mantemento da ETAP de Cerdido
109	20/05/2013	Alta no padrón municipal de habitantes
110	20/05/2013	Aprobación do proxecto “Ortegal Inserta”
111	21/05/2013	Adxudicación do contrato da obra: camiño a cruce do Río Penadovico
112	21/05/2013	Autorización para usar o Castro para festa de aniversario infantil a particular
113	21/05/2013	Adxudicación do contrato da obra “Camiño a Seoane”
114	24/05/2013	Contratación de persoal para cubrir as vacacións do persoal de axuda no fogar
115	27/05/2013	Autorización para a celebración das festas de San Antonio en Porto
116	28/05/2013	Acordo de aprobación da solicitude da xuda para mantemento de areas naturais de Cerdido
117	28/05/2013	Aprobación de facturas do nº 145 ao nº 184
118	30/05/2013	Alta no padrón municipal de habitantes
119	30/05/2013	Acordo da cesión de uso dunha vivenda dos Casás por motivos de emerxencia
120	31/05/2013	Acordo de cancelación da garantía polo aluguer do segundo piso das vivendas de Felgosas
121	31/05/2013	Acordo de declarar deserto o expediente de contratación do mantemento da ETAP de Cerdido
<b>Xuño 2013</b>		
122	03/06/2013	Alta no padrón municipal de habitantes
123	05/06/2013	Alta no padrón municipal de habitantes
124	07/06/2013	Licenza de obras nº 2013/U009/000013 para reparación de tellado en Campos
125	07/06/2013	Aprobación do calendario das vacacións do persoal do concello
126	10/06/2013	Aprobación do proxecto “Xestión de residuos no polígono industrial da Rega”

127	11/06/2013	Licenza de obras nº 2013/U008/000006 para execución de vivenda en Domende
128	13/06/2013	Acordo de solicitude do Fondo de Compensación
129	13/06/2013	Alta no padrón municipal de habitantes
130	18/06/2013	Autorización para realizar a festa de San Xoán nos Casás
131	17/06/2013	Autorización para realizar as fogueiras de San Xoán e San Pedro no termo municipal
132	18/06/2013	Autorización a particular para instalar unha carpa nos terreos anexos a Santa Lucía para xuntanza
133	18/06/2013	Aprobación de facturas do nº 185 ao nº 222
134	19/06/2013	Acordo de contratación de dous socorristas para a piscina municipal
135	21/06/2013	Autorización ao grupo municipal do PsdeG-PSOE para usar a casa da cultura para unha xuntanza
136	21/06/2013	Autorización para realizar as fogueiras de San Xoán e San Pedro no termo municipal de Cerdido
137	25/06/2013	Convocatoria pleno ordinario

O Concelleiro **Benigno Galego Castro** solicita aclaración sobre o contido dos seguintes decretos :

Núm. 110 . Ortegal Inserta . A alcaldesa explica que é un programa entre todos os concellos da comarca para realizar un seguimento do paro na comarca e realizar formación os desempregados e cada concello achega unha cantidade en función do numero de desempregados que ten .

Núm. 119 . Uso unha vivenda por emerxencia social. A alcaldesa explica que se trata dun emigrante retornado con antepasados no concello que carece de recursos .

Núm. 126. Xestión de residuos . A alcaldesa aclara que se trata de solicitar unha axuda conxunta de varios concellos para o punto limpo de Ortigueira, e no momento que entre en funcionamento valorarse o seu uso, xa que dependerá dos costes económicos

Núm. 128 . Solicitude do Fondo de compensación, a alcaldesa explica que se trata dunha solicitude de subvención para cambiar as fiestras da casa do concello por outras mais adecuadas para poder aforrar enerxía e cartos da calefacción .

O Concelleiro **Jairo Orjales Sande** solicita a aclaración dos seguintes decretos :

Núm. 121. A alcaldesa explica que non se presentou ningunha oferta para o mantemento da ETAP, xa que se incluía no prego o mantemento das averías da traída da auga e as análises .

O Concelleiros **Cándido Prieto Lago** solicita a aclaración dos seguintes decretos :

Núm. 95 . Segregación de parcelas. A alcaldesa explica que non se acorda do motivo concreto desta denegación

Núm. 107 . Convenio con Xema . A alcaldesa explica que se trata dun convenio sen coste algún para o Concello, no que se analizan as facturas da enerxía eléctrica e nos propoñen medidas para o aforro enerxético . Intervén o Concelleiro Jairo Orjales Sande para aclarar que ten un 1% do capital desta empresa e que o que se pretende é analizar a situación de Cerdido sen coste algún para o concello.

**4.-Mocións de urxencia .** O Concelleiro Jairo Orjales Sande presenta unha moción sobre **MOCLON RELATIVA A VERTEDEURA E RECREO CO MATERIAL DENOMINADO “TECNOSOLO” OU “ECOSOLO” PRODUCIDO POLA EMPRESA XILOGA xustificando a súa urxencia polos casos de contaminación existentes na comarca . Os membros do Pleno en votación ordinaria e por unanimidade acordaron incluíla na orde do día .**

**A secretaria le a moción que se copia deseguido :** Dende fai certo tempo, constatase que en localidades cercanas ao noso Concello (Somozas, As Pontes, Narón...);estanse a producir diversos problemas medioambientais e sanitarios, relacionados co depósito nas terras do nomeado subproduto que subministra a empresa Xilo Galicia (grupo Toysal).Nas zonas onde se ten depositado (e os seus arredores), detectouse unha afección ao medio físico e natural en xeral (solo, acuíferos...); consecuencia disto afectouse a traídas de auga veciñais, co problema sanitario que conleva. Por outro lado, cabe resaltar, que os recheos con este material estanse a facer dunha maneira ilegal, posto que son botados apilando, nalgún caso, en varios metros de altura; tanto en praderías como en montes. Non se están a respetar fontes nin ríos, chegando a atoiar restos arqueolóxicos. Por todo isto, o BNG solicita do Pleno Municipal o seguinteACORDO1. Que non se conceda ningún permiso no Concello de Cerdido, para a realización de recheos cos materiais anteriormente descritos.2. No caso de detectar recheos deste tipo, o Concello se poña inmediatamente en contacto coas autoridades competentes, para dar conta do mesmo. Cerdido, 21 de xuño de 2013.Asdo. Jairo Orjales Sande .Portavoz do G.M. do BNG de Cerdido. Os membros do Pleno en votación ordinaria e por unanimidade aprobaron a moción anterior

**O Concelleiro Jairo Orjales Sande,** explica que nos concellos veciños realizaron recheos con este material, que din que ten os certificado en regra da xunta, e se contaminaron traídas de augas con chumbo e entende que non debería autorizar estes recheos no concello

**A Alcaldesa** explica que o problema que hai e que ninguén pide permiso para realizar abonos con este material .

## **5.-Rogos e preguntas .**

**O Concelleiro Benigno Galego Castro** fai as seguintes preguntas a Alcaldía :

1.- Vanse amañar os pisos de aluguer de As Felgasas, porque recentemente un veciño solicitou o seu aluguer e lle dixeron que se ían a amañar ? A alcaldesa aclara que no segundo piso os azulexos da cociña están soltos e que se intentaran amañar .

2.-O día 1 de xullo ábrese a piscina, contratouse un novo seguro ? A alcaldesa explica que estivo en contactos con moitas compañías e que ningunha asegura nada cando existe negligencia da persoa

3.-O Expediente do camiño dos Casas, en que situación esta ? A alcaldesa explica que a interesada prestou unhas novas alegacións e os servizos técnicos municipais esta a afacer o informe .

4.-Canto se achegou a xornada de entrega de premios do Fútbol de Narón ? A alcaldesa explica que se acordou financiar un trofeo por un importe arredor dos 200,00 € pero aínda non se non enviou ningunha factura .

5.-Empezaron xa as obra do POS deste ano e se ten coñecemento que na obra do Freis estaban asfaltando cando chovía ? A alcaldesa contesta que as obras do POS aínda non empezaron e que empezaran por Curutelo, Casanova, Os Casas e Seoane . E que non sabia que asfaltaran chovendo pero que nesta obra era pouco o asfaltado e que ten unha garantía dun ano.

6.-Como esta o tema da ordenanza da saca de madeira ? A alcaldesa explica que xa realizaron varias reunións cos concellos da comarca e que se chegou a un acordo para aprobar unha ordenanza igual para todos, das que lle entrega unha copia, e que nos primeiros días de xullo traerán a un pleno extraordinario .

7.-Como e cando se vai a facer a obra do campo de fútbol ? A alcaldesa explica que están mirando presupostos que oscilan moito entre as empresas e que están mirando para poder facer a obra canto antes e que se pretende quitar o céspede e plantar un novo

8.-Cantas persoas vai a contratar co convenio de incendios da Xunta ? A alcaldesa anuncia que non asinou o convenio polo alto coste que supoñía para o Concello .

9.-Na pista que esta preto do Froallo, quedáronse dous coches porque afondou , vaise amañar?. A alcaldesa sinala que este camiño divide Cedeira con Cerdido , e que se debería amañar conxuntamente.

10 . A que foi debido a multa de Augas de Galicia en Rioforcado ? A alcaldesa explica que é un expediente que ven de lonxe, no que augas solicitou poñer dous tubos na pista cando xa existiu o primeiro que sempre vai baleiro , e que houbo un cruce de papeis .

11. Existen queixa veciñais porque tras a celebración do rallye de Narón as pistas quedan cheas de lixo non se pode esixir a organización a limpeza ? A alcaldesa anuncia que non sabia nada .

12 En varias pista faltan sinais, como na que esta xunto a casa da cultura e en Rebordaos está oculta pola maleza . A alcaldesa afirma que non sabia nada e que non é o primeiro caso no que se rouban sinais de tráfico .

13 Vanse contrata a unha empresa o servizo de limpeza de cunetas ? A alcaldesa anuncia que aínda non saben o que van a facer e que están a espera de que a Consellería de Traballo resolva as subvencións para contratar xente .

14 Vaise amañar unha taxea en Escote ? A alcaldesa afirma que xa están os tubos na nave para amañala

15 Vaise a sacar a concurso o mantemento da luz ? A alcaldesa afirma que esta traballando neste asunto e que agora contrátanse puntualmente os traballos, recentemente contratouse a electricidade Cordobelas, o amaño dun cable que roubaron que ascendeu o redor dos 1600 €

16 . Que pasa coa pista que vai a Ponte de Cardeal ?. A alcaldesa explica que xa esta o permiso de augas de Galicia, pero é necesario incluila nun plan .

O mesmo concelleiro fai **os seguintes rogos :**

1.O canalón do Castro é necesario limparlo .

2 Hai un cable solto no lugar de O Castro e en Castrillón así como na estrada a Lamigueiro e na Casanova .

3 Na parte alta da Feira e na Avisteira non hai luz pública

E, non habendo mais asuntos que tratar, sendo as trece horas e vinte minutos do dia vinte e oito de xuño de 2013, a Presidencia deu por rematada a sesión do que eu dou fe :

A secretaria

A alcaldesa

Paula Díaz Tie

Ana Rodríguez Montero